

ANEXO AO PREGO TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “MELLORA NAS REDES VIARIAS NAS PARROQUIAS DE GÁNDARA, OROSO, TRASMONTE E VILLARROMARIZ” DO CONCELLO DE OROSO INCLUÍDAS NO POS 2010

1.- APERTURA E VALORACIÓN DAS OFERTAS

1.1 Cualificación da documentación presentada

Po lo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto no artigo 144 da LCSP.

1.2 Composición da mesa de contratación

A Mesa de Contratación estará integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTES
PRESIDENTE	Alcalde D. Manuel Mirás Franqueira	1º Tenente de alcalde D. José Manuel Pérez Penas Conseleiro de obras, servizos básicos e persoal laboral
	Secretario(con funcións de asesoramento xurídico) D. Dalmiro Núñez Méndez	Interventor D. Félix Manuel Carrasco del Pozo
	Interventor (encargado do control económico-orzamentario) D. Félix Manuel Carrasco del Pozo	Secretario D. Dalmiro Núñez Méndez
	1º Tenente de alcalde D. José Manuel Pérez Penas Conseleiro de obras, servizos básicos e persoal laboral	4º Tenente de alcalde José María Castro Rial Conseleiro de limpeza viaria, protección civil e seguridade cidadá, parques e xardíns
	Arquitecto municipal D. Manuel Suárez Bermúdez	Arquitecta técnica municipal Dª Yolanda García Fachal
SECRETARIO	Administrativo adscrito ao Departamento de Intervención Dª Ana Mª Liñares Castro	Xefe de negociado de Servizos Xerais e Arquivo D. Javier Santos González

1.3 Publicidade dos actos da Mesa de Contratación

A notificación dos actos da Mesa de Contratación aos licitadores farase exclusivamente mediante a publicación das actas no Taboleiro de anuncios da corporación e no perfil do contratante, de conformidade co artigo 59.6 da Lei 30/92.

1.4 Apertura das ofertas

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura sucesiva e valoración da oferta técnica e económica, que se fará en sesións separadas. Celebrarase no lugar e día que se sinala no taboleiro de anuncios da Corporación ou perfil do contratante e deberá ter lugar nun prazo non superior a sete días a contar desde a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 12.1 do prego tipo de cláusulas administrativas que rexe o contrato.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adjudicación do contrato e os sobres que as conteñan non poderán ser abertos.

Antes da apertura da primeira proposición invitarase aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedéndose pola mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

1.5 Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

Cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta e en función da documentación que presente o adjudicatario no trámite de xustificación da oferta, ou na documentación xa presentada, os seguintes:

1º.- Adecuada xustificación dos prezos ofertados, que como mínimo comprenderá unha explicación dos prezos dos materiais a pé de obra.

2º.- Volume de obra xa contratado, en relación cos medios persoais e materiais que teña o licitador.

3º.- Relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada.

1.6 Criterios de desempate

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adjudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados (non inferior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición Adicional 6ª da LCSP.

2 CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas dos licitadores serán valoradas segundo o presente baremo:

A) Ata 80 puntos pola mellora da oferta económica, calculada da seguinte maneira:

- De 0 a 10 puntos porcentuais de baixa, 3 puntos por cada un.
- De 10 a 20 puntos porcentuais de baixa, 5 puntos por cada un.

As fraccións non serán consideradas

B) Programa de control interno de calidade (cláusula 12..1.B do prego tipo de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato)

Valorarase de 0 a 19 puntos con arranxo ao seguinte reparto (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

A) PLAN DE CONTROL	DE	<i>Ofertas que presenten un plan de control específico e adaptado á obra</i>	<i>De 2.01 a 5.00 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de control xenérico e parcialmente adaptado á obra</i>	<i>De 0.51 a 2.00 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de control insuficiente</i>	<i>De 0.00 a 0.50 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de control non adaptado á obra e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>
B) ENSAIOS	DE	<i>Ofertas que presenten un plan de ensaios específico e adaptado á obra</i>	<i>De 2.01 a 5.00 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de ensaios xenérico e parcialmente adaptado á obra</i>	<i>De 0.51 a 2.00 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de ensaios insuficiente</i>	<i>De 0.00 a 0.50 puntos</i>
		<i>Ofertas que presenten un plan de ensaios non adaptado á obra e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>
C) ORZAMENTO DE ENSAIOS		<i>Aumento do orzamento de ensaios sobre o orzamento de execución material.</i>	<i>Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3x% incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)</i>

B) Programa de traballo e protección medioambiental (cláusula 12.1.A do prego tipo de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato).

Valorarase de 0 a 18 puntos con arranxo ao seguinte reparto (expresado en dous decimais)

<i>Ofertas que presenten un programa de traballo e protección medioambiental específico e adaptado á obra.</i>	<i>De 15 a 18 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo e protección medioambiental xenérico e parcialmente adaptado</i>	<i>De 9 a 14,99 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo e protección de actuación insuficiente</i>	<i>De 5 a 8,99 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un programa de traballo e protección medioambiental non adaptado e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>

c) Plan de seguridade e saúde (cláusula 12.1.C do prego tipo de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato)

Valorarase de 0 a 13 puntos con arranxo ao seguinte reparto (expresado en dous decimais):

<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde específico e adaptado á obra.</i>	<i>De 10 a 13 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde xenérico e parcialmente adaptado</i>	<i>De 6,50 a 9,99 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde insuficiente</i>	<i>De 3 a 6,49 puntos</i>
<i>Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde non adaptado e incompleto</i>	<i>0 puntos</i>

